



ACTA n.º 07/2023

**XUNTANZA DO CONSELLO DE COORDINACIÓN DO AGRUPAMENTO EUROPEO DE COOPERACIÓN
TERRITORIAL DO RIO MINHO – AECT RIO MINHO**

---- A día cinco do mes de decembro do ano de dous mil vinte e tres, ás 16:00 horas PT, nas instalacións da CIM Alto Minho, sitas na Avenida Miguel Dantas, nº 69, en Valença, reuniuse o Consello de Coordinación do Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial do Rio Minho (**AECT Rio Minho**).

---- Estiveron presentes, en calidade de membros do Consello de Coordinación do **AECT Rio Minho**: Roberto José Álvarez Carrero, Director e Deputado de Cooperación Transfronteiriza da Deputación de Pontevedra; Ana Paula Vaz Almendra Xavier, Vicepresidenta da Cámara Municipal de Valença (en representación do Vogal, José Manuel Vaz Carpinteira, Presidente da Cámara Municipal de Valença), e M^a Nava Castro Domínguez, Vogal e Alcaldesa de Pontearreas. Tamén estivo presente Silvia Fernández Táboas, Vicealcaldesa de Pontearreas. Asistiu tamén á xuntanza o membro do Secretariado Técnico, António Pereira Torres. -----

---- A xuntanza foi presidida polo Director do Consello de Coordinación do **AECT Rio Minho**, Roberto José Álvarez Carrero, tendo sido tratados, de acordo coa orde de traballos, os seguintes asuntos: -----

---- Asunto nº 1: Aprobación da acta da xuntanza anterior;

---- Logo da apertura dos traballos por parte do Director do AECT Rio Minho, presentouse a Acta da xuntanza celebrada o día 8 de novembro de 2023, que tras de ser lida e revisada, recibiu a aprobación unánime dos presentes nesa reunión e será asinada polo Director e o Subdirector. -----

Esta deliberación foi, por unanimidade, aprobada en minuta.

---- Asunto nº 2: Consideración/aprobación do Plan de Actividades e Orzamento 2024

---- No ámbito deste asunto, o Director presentou as prioridades do Plan de Actividades e Orzamento 2024, a saber:



- Xestión e execución de proxectos CTE, en particular o proxecto Rede_Gov_Minho, aprobado polo Programa Interreg VI_A: reforzo do traballo en rede con dinámicas locais de cooperación transfronteiriza, apoio ao desenvolvemento das “Axendas Urbanas do Rio Minho Transfronteirizo” e promoción de proxectos piloto de cooperación transfronteiriza institucional nas Eurociudades do Rio Minho;
- Elaboración de candidaturas ao Programa Interreg VI A 2021-2027; destacando as convocatorias para a presentación de proxectos para a implementación da Estratexia Rio Minho 2030 e para a xestión de fondos de pequenos proxectos;
- Manutención da operación do piloto de servizos compartidos “Sistema de Bike Sharing do Rio Minho Transfronteirizo – e-bike Rio Minho”; desenvolvemento/execución de solución seleccionada no ámbito do estudo de sustentabilidade realizado en 2023, co-financiado polo Programa Interreg VI A;
- Promoción de asociacións multinivel para identificar propostas para eliminar os obstáculos á mobilidade e a integración transfronterizas, xa sexa no ámbito da iniciativa B-Solutions – Impulsar o crecemento e a cohesión nas rexións fronteirizas da UE - promovida pola Comisión Europea e a ARFE (transporte, medio ambiente e servizos públicos), ou noutras iniciativas da Comisión Europea (por exemplo, a Iniciativa DGRegio/OCDE para promover a gobernanza multinivel transfronteiriza).
- Alongar o perímetro de impacto a toda a *Raia*, fortalecer a confianza das câmaras e concellos que ata agora tiveron menos protagonismo no traballo, e integrar de xeito escalable os chamados propulsores do desenvolvemento: económico, social, institucional, ambiental e educativo.
- Desenvolver itinerarios e axendas temáticas específicas con axentes locais e expertos relevantes, de forma atractiva para os nosos creadores, promotores, simpatizantes e provedores de coñecemento máis activos.
- Procurar novas liñas e fontes de recursos adecuadas ás finalidades do AECT e aos seus obxectivos prioritarios actuais, aproveitando as capacidades internas ou reforzándoas eficientemente.
- Apoio ás dinámicas locais transfronteirizas da responsabilidade dos Concellos/Câmaras do territorio do AECT Rio Minho, concretamente o proxecto de implantación dun paso de peóns entre os concellos de As Neves e Monção. Apertura dunha liña de traballo deportiva e cultural.
- Consulta e promoción de contidos en portais e redes sociais PT/GAL/ING: www.aectriominho.eu / www.visitriominho.eu / www.observatorio.aectriominho.eu



---- O gasto total previsto para 2024 é de 509.215 euros, sendo a aportación ordinaria dos socios a mesma ca do ano anterior, 73.850 euros. -----

---- Terminada esta presentación, o Consello de Coordinación deliberou, por unanimidade, aprobar a proposta de Plano de Actividades e Orzamento para 2024, e solicitar ao Director que proceda ás medidas necesarias para programar a Asemblea Xeral da AECT Rio Minho para que, de acordo cos estatutos, poda decidir sobre a aprobación destes documentos, que serán asinados e rubricados polo Director e o Subdirector da AECT Rio Minho e arquivados nunha carpeta separada. -----

Estas deliberacións foron, por unanimidade, aprobadas en minuta.

---- **Asunto nº 3: Nomeamento do Secretario Técnico en representación da Deputación de Pontevedra, de conformidade co artigo 20 dos Estatutos;**

---- No ámbito deste asunto, o Consello de Coordinación aprobou, por unanimidade, a designación de Ginés López-Oliver Ruiz, para Secretario Técnico representante da Deputación de Pontevedra, de acordo coa proposta e minuta de contrato de comisión de servizo que fican anexas a esta ata. -----

Esta deliberación foi, por unanimidade, aprobada en minuta.

---- **Asunto nº 4: Habilitación do Director para realizar os trámites necesarios para a organización e funcionamento da Delegación da AECT Rio Minho en Pontevedra;**

---- No ámbito deste asunto, o Consello de Coordinación aprobou, por unanimidade, delegar no Director a realización das dilixencias necesarias para adoptar as medidas organizativas necesarias para o funcionamento eficaz da Delegación de Pontevedra que non teñan impacto financeiro excepto no que se refire a taxas e prezos públicos de certificación, autorización, rexistros e similares, ou que sexan recuperados en subvención de terceiros ou transferencias da Deputación de Pontevedra. -----

Esta deliberación foi, por unanimidade, aprobada en minuta.

---- **Asunto nº 5: Presentación dunha proposta para a xestión e execución da Subvención de Reto Demográfico do Ministerio de Transición Ecolóxica do Goberno de España;**

---- A proposta do representante da Deputación de Pontevedra, o Consello de Coordinación aprobou por unanimidade a transferencia da subvención 2023 e 2024 relativa ao Reto Demográfico do Ministerio para a Transición Ecolóxica de España á Deputación Provincial de Pontevedra, xa sexa en xestión ou en



titularidade, total ou compartida, pola falta de capacidade en 2023 da Deputación de Pontevedra como entidade beneficiaria. -----

Esta deliberación foi, por unanimidade, aprobada en minuta.

---- Asunto nº 6: Cuestións relacionadas coa execución de proxectos da AECT Rio Minho:

---- No ámbito do proxecto e-bike Rio Minho foron aprobadas, por unanimidade, as seguintes deliberacións: -----

- impulsar as xestións necesarias para a resolución do contrato de “Adquisición de servizos de apoio xurídico no ámbito do procedemento de contratación CP_01_20 – Adquisición de Bicicletas, sistema de xestión e aparcamento virtual para usuarios de mobilidade suave - Sistema Bike Sharing”, por incumprimento de contrato por parte de Soltráfego , Soluciones de Tránsito, Estajamento e Comunicações, S.A;-----

- de ser tecnicamente posíbel, no ano 2024, poñer en servizo os equipos sen soporte tecnolóxico, así como asegurar os servizos de mantemento e respectiva actualización de protocolos cos 6 concellos; -----

- suspensión dos servizos de asistencia técnica e posterior renegociación para a fase de mantemento do servizo; -----

- peche de contas cos 6 concello para a aportación económica de maio a decembro de 2023, que, segundo o mapa adxunto, ascende a 4.318,64 euros; no caso dos concellos PT, con protocolos asinados e que liquidaron montantes maiores, as contas respectivas deben completarse en 2024; no caso dos concellos GAL que aínda non asinaron protocolos, este novo monto debe ser enviado, así como emitido en Xaneiro de 2024, as respectivas guías de ingresos para compartir os gastos de operación/mantemento da operación de bicicletas eléctricas Rio Minho realizada pola AECT Rio Minho no período do 9 de maio ao 31 de decembro de 2023; -----

---- No ámbito desta materia, tamén se aprobou por unanimidade a participación no proxecto Horizon Europa 2030 por invitación da EGTC Gorizia-Nova Gorika, sobre turismo circular e sostible e un novo modelo de aluguer de vacacións, no que o Rio Minho transfronteirizo sería un territorio para a replicación de resultados; o proxecto terá un investimento duns 200.000 euros durante 36 meses e será reembolsado ao 100%. -----

Estas deliberacións foron, por unanimidade, aprobadas en minuta.

---- **Asunto nº 7: Outros asuntos de interese para o AECT Rio Minho:**

---- No ámbito deste asunto, foi presentado o resumo situación financeira do AECT Rio Minho a 05.12.2023: -----

Bancos: 155.387,36 euros;

Débedas a provedores: 39.980,0 euros (Sóltrafego);

---- Como non había nada máis que discutir, deuse por rematada a presente xuntanza ás dezasete e media.-----

---- E, para constar, esta Acta foi redactada e asinada polo Director e, polo Subdirector, e Membro PT do Consello de Coordinación. -----

Valença, 05 de decembro de 2023

O Director

(Roberto José Álvarez Carrero)

Polo Vicediretor,

(Ana Paula Vaz Almendra Xavier)